



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

“CLANDESTINO: CONTOS, LENDAS, FÁBULAS E POEMAS”

PROPOSTA DE ACTIVIDADES EN GRUPO COOPERATIVO

NIVEL: SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

TEMA: EMIGRACIÓN

CPI Luís Díaz Moreno – Baralla

PROPOSTA DE ACTIVIDADES EN GRUPO COOPERATIVO**NIVEL: SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA****TEMA: EMIGRACIÓN****“CLANDESTINO: CONTOS, LENDAS, FÁBULAS E POEMAS”****1. INTRODUCCIÓN**

Esta unidade didáctica enmárcase na LOE e ten como referente o Proxecto Curricular do Centro. Foi pensada para traballar na materia de lingua galega con alumnado de 3º e 4º de educación primaria, tería unha duración dun mes. Sempre estaría aberta aos textos aportados polo alumnado, xa que cando se desenvolve unha actividade baseada nos principios da aprendizaxe cooperativa promóvese a investigación.

Utilizamos a aprendizaxe cooperativa para poder desenvolver e transmitir o valor do civismo como facilitador da convivencia nun espazo público, xa que consideramos este valor a base sobre a que se asentán os demais valores.

Nas tarefas programadas dentro desta unidade didáctica pretendemos favorecer actitudes de solidariedade, que tratan de contrarrestar procesos de exclusión, poñendo en marcha mecanismos de aprendizaxe da tolerancia respecto da diferenza e da integración intercultural.

2. OBXECTIVOS

- Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil adecuados en canto temática e complexidade e iniciarse no coñecemento de convencións específicas da linguaxe literaria.

- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.

3. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Desenvolvendo a expresión de pensamentos, emocións, vivencias e opinións.
- Fomentando a capacidade de dialogar, de formar un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita, desenvolvendo a autoestima e a autoconfianza.
- Mellorando a habilidade de comunicarse e conversar para establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e o contorno, así como achegarse ás novas culturas, que adquiren consideración e respecto na medida en que se coñecen.
- Reforzando as habilidades de comprender, compoñer e utilizar os textos con intencións comunicativas ou creativas.
- Facilitando a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da expresión escrita, sendo fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber.

4. CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Ligada á competencia matemática: habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, aumentando a posibilidade real de seguir aprendendo ao longo da vida e favorecer a participación efectiva na vida social.

Ligada á competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico: consciencia da influencia que ten a presenza das persoas no espazo, o seu asentamento, a súa actividade, as modificacións que

introducen e as paisaxes resultantes, así como da importancia de que todos os seres humanos se beneficien do desenvolvemento e de que este procure a conservación dos recursos e a diversidade natural, e se manteña a solidariedade global e interxeracional. Demostrando espírito crítico na observación da realidade.

Ligada á competencia no tratamento da información: transformar a información en coñecemento desenvolvendo destrezas de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e facer inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade. Comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen, non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senón tamén as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías.

Ligada á competencia social e cidadá: entendendo os trazos das sociedades actuais, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo. Mostrando un sentimento de cidadanía global compatible coa identidade local.

Ligada á competencia cultural e artística: valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, a importancia do diálogo intercultural e a realización de experiencias artísticas compartidas.

Ligada á competencia para aprender a aprender: tendo consciencia das capacidades que entran en xogo nas aprendizaxes, obtendo un rendemento máximo e personalizado delas coa axuda do traballo cooperativo.

Ligada á autonomía e iniciativa persoal: dispoñendo de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo; poñéndose no lugar do outro, valorando as ideas dos demais, dialogando e negociando, a asertividade para comunicarlles aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible.

5. CONTIDOS

▪ **Bloque 1. escoitar e falar.**

- Producción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias, e para elaborar plans.
- Actitude de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

▪ **Bloque 2. Ler e escribir.**

- Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor.
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.
- Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...).
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, pronuncia e a entoación adecuados.

- Recreación e composición de poemas, contos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.

- Elaboración e reescritura de textos literarios (contos, poesías).
- Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.
- Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).

▪ **Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua.**

- Identificación de estruturas narrativas para a comprensión e composición de textos.

- Coñecemento das regras ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Uso e definición intuitiva nas actividades de produción e de interpretación da terminoloxía seguinte: denominación de textos, tempos verbais.
- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.

6. MATERIAIS

- Libro de texto (Lingua 4 – editorial Xerais) páxinas 117, 153,154, 155 e 166.
- Textos específicos relacionados co tema, segundo podemos ver nas actividades propostas.
- Paneis exposición sobre distintos puntos de vista nos movementos da poboación.
- Presentacións en PowerPoint e vídeo relacionadas cos movementos de poboación.
- Libro de lectura colectiva.
- Ferramentas de traballo: lapis, cores, folios...
- Cuestionario de avaliación.

7. PLANIFICACIÓN DAS TAREFAS

- **Actividades de coñecementos previos**
 - Presentación do tema por parte da profesora.
 - Debate nos grupos e presentación das conclusións, resumidas en catro frases.
 - Visita a exposición sobre o tema situada no corredor principal do centro.
- **Actividades de desenvolvemento ou de aplicación**

- A profesora informará sobre os obxectivos que deben ser acadados, os criterios de avaliación que se utilizarán e para incidir na idea de que o traballo é de todos, que non vale se non aprenden todos o tema estudado (avanzamos se progresamos todos).
- Debate nos grupos sobre a exposición visitada.
- Elaboración escrita das conclusións e dúbidas respecto da exposición, para a súa presentación na asemblea de aula.
- Intervencións da profesora para aclarar dúbidas.
- Traballo por grupos coa presentación en PowerPoint colocada no ordenador da aula. Buscamos título para as diferentes diapositivas e traballamos a canción "Clandestino" de Manu Chao.
- Nos grupos abordamos as actividades que figuran nos anexos ao final da proposta.
- Intervención da profesora para aclarar dúbidas sobre as actividades propostas, asesorar na súa realización.
- **Actividades de síntese e recapitulación**
 - Elaboración de textos similares aos traballados.
 - Intervención da profesora para aclarar dúbidas e motivar na realización das tarefas.
 - Realización por parte dos grupos dunha pequena memoria sobre o traballo realizado.
 - Elaboración por parte da profesora dun documento de síntese no que se recollerán todas as fases da proposta e que será debatido e aprobado por toda a aula.
- **Actividades de reforzo e ampliación**
 - Elaboración de cadernos literarios.
 - Lectura na aula do libro recomendado relacionado co tema de traballo.

- Comentarios e resumo dalgúns capítulos do libro de lectura na aula.
- Intervención da profesora aportando modelos de cadernos literarios.
- **Actividades de autoavaliación**
 - Análise no grupo dos propios traballos para poder mellorar as nosas producións, partindo das boas prácticas acadadas.
 - Análise dos traballos dos outros grupos tanto para achegar posibilidades de mellora como para o aproveitamento das boas prácticas presentadas.
 - Intervención da profesora no debate previo a elaboración das conclusións finais.
 - Elaboración das propostas de mellora, incluíndo o papel da profesora.

8. FORMACIÓN DE GRUPOS DE TRABAJO

Formaremos grupos de traballo formados por catro alumnos. A elección do primeiro será ó chou. O segundo membro do grupo procurarase que sexa de distinto sexo, elixido tamén ó chou. O terceiro membro será elixido pola profesora. Esta formación de grupos deberá “negociarse” cos alumnos, co fin de busca-la maior implicación.

9. DISPOSICIÓN DA AULA

Deberá permiti-la circulación fluída dos nenos e da profesora entre as mesas. Así, situaranse dúas mesas enfrontadas e unha terceira perpendicular a esa formación. Esta disposición asegura o contacto visual cómodo entre os membros e facilitará a interacción. Na medida do posible, tódolos grupos deberán ter unha visión clara do encerado ou da posición onde a profesora faga habitualmente as explicacións.

10. ASIGNACIÓN DE ROLES

Deben ser rotativos. Procuraremos adoptar catro roles, un para cada membro do grupo:

- Encargado/a de controlar que todos participen.
- Encargado/a do material. Voceira ou voceiro do grupo.
- Encargado/a de controlar o ruído ambiente e observadora ou observador
- Encargado/a de controla-lo tempo de execución da tarefa (axudado/a pola profesora).

11. AVALIACIÓN

- Será de carácter formativo. Neste sentido, a avaliación terá un carácter motivador e procurará fuxir de criterios de comparación entre alumnos e entre grupos.
- Avaliarase o recoñecemento de ideas principais, a habilidade de seleccionar información e capacidade de facer deducións.
- Comprobarase o establecemento de relacións entre os coñecementos previos e as informacións contidas nas experiencias de aprendizaxe.
- Avaliarase a capacidade de producir textos escritos literarios.
- Constatarase a capacidade de ler comprensivamente en voz alta coa fluidez, entoación e expresividade adecuadas.
- Avaliarase o coñecemento e uso dos conceptos gramaticais: acentuación, uso de maiúscula, regras de puntuación e uso de conectores temporais.
- Farase en tres niveis: autoavaliación, avaliación do traballo individual polo grupo, coavaliación coa profesora que será consensuada.
- Rematadas as tarefas, cubrirase unha ficha como a que segue:

Alumna/o	Individual	Grupo	Profesora
Participei no debate inicial?			
Recollín información na exposición?			
Participei nos debates en torno á exposición?			
Realicei o traballo co PowerPoint?			
Traballei ben no grupo?			
Realicei as actividades propostas coa maior calidade posible?			
Elaborei o meu caderno literario?			
Analicei os traballos dos demais grupos?			
Desempeñei o meu rol de xeito adecuado?			
Fixen as tarefas que me foron encomendadas?			
Respectei as quendas de palabra, as opinións e os comentarios dos compañeiros e compañeiras?			
Recoñezo as partes dun texto?			
Coñezo os tempos verbais?			
Utilizo axeitadamente os signos de puntuación?			
Recoñezo e sei utilizar os conectores que lle dan coherencia aos textos?			
Interpreto e escribo textos con facilidade?			

Estes criterios de avaliación deben ser previamente coñecidos polos nenos e nenas e daránse inmediatamente despois de presenta-lo tema..

ANEXO I

CAMIÑOS SEN NOME

Un campo deserto.

Pousa un pardal.

O Xardín das Hortensias.

Na alborada, unha tartaruga percórreo lentamente.

Ninguén a viu.

Dous namorados tendidos na herba

miran en silencio a noite e os astros.

Cae unha estrela fugaz.

No arboredo que hai detrás da cidade,

unha araña lanza o seu primeiro fío de prata

á póla máis alta.

Por riba dos tellados, entre as chemineas,

hai unha autoestrada invisible.

Por ela as andoriñas van e volven.

Unha longa caravana de formigas

desfila cara ao biscoito que Sara deixou caer no patio
mentres merendaba ao sol na azotea da súa casa.

No solpor do verán, o mar está como un prato

e as ondiñas debuxan rizos louros.

Unha chega máis lonxe que as demais,

até o castelo que os cativos deixaron na area.

Non todos os camiños teñen nome.

Hainos nos que non hai ruído ningún.

No silencio do teu cuarto, onde ti te agochas,

se tiveses orellas de morcego

sentirías as vibracións que atravesan os muros e a noite

para che traeren a música do mundo.

Hai un gran **ruxerruxe**. É como un **antroido**.

Son **tambores** e **címbalos** de ferro.

Camións que furan montañas.

Canciós sen palabras. **Palabras** nas tebras.

Baladas de salón. **Rutas** somnámbulas de navíos mercantes.

Avións perdidos.

Pero ti non tes orellas de morcego.

Tes orellas submarinas que escoitan bailar as algas nos corais

Tes orellas de caracol que senten bater a chuvia no bambú.

Ti dis: *estrelamar*.

As túas palabras son minúsculas como niños de colibrí.

Ti, co nariz pegado á xanela,

viches a garza voar cara ao norte.

*Cando te botes aos camiños do mundo,
non esquezas a liña que trazaba no ceo.*

Anna Castagnoli

1. Lemos e comentamos o texto, traballamos o vocabulario descoñecido.
2. Sinalar no texto as tres partes da narración.
3. ¿Cando e onde ocorre a historia?, ¿cales serán os protagonistas?, ¿existe algún problema que deba enfrontar a ou o protagonista?.
4. Cambiamos a última parte do texto.
5. ¿Que intenta dicirnos esta historia?
6. Analizamos o tempo dos verbos.
7. Comentamos a estrutura escrita do texto.
8. Comentamos o uso de maiúscula no texto.

ANEXO II**CLANDESTINO**

Só vou coa miña pena
 Soa vai a miña condena
 Correr é o meu destino
 Para burlar a lei
 Perdido no corazón
 Da grande Babylon
 Dinme o clandestino
 Por non levar papel

Pa unha cidade do norte
 Eu funme a traballar
 A miña vida déixea
 Entre Ceuta e Xibraltar
 Son unha raia no mar
 Pantasma na cidade
 A miña vida vai prohibida
 Di a autoridade

Só vou coa miña pena
 Soa vai a miña condena
 Correr é o meu destino
 Por non levar papel
 Perdido no corazón
 Da grande Babylon
 Dinme o clandestino
 Eu son o quebra lei

Man Negra clandestina
 Peruano clandestino
 Africano clandestino
 Marijuana ilegal

Só vou coa miña pena
 Soa vai a miña condena
 Correr é o meu destino
 Para burlar a lei
 Perdido no corazón
 Da grande Babylon
 Dinme o clandestino
 Por non levar papel

Manu Chao

1. Lemos e comentamos o texto, prestamos atención ao título de mesmo.
2. Relacionamos o texto coa temática traballada.
3. Sinalamos e comentamos as partes do texto.
4. ¿Que intenta dicirnos o autor deste texto?
5. Analizamos o tempo dos verbos utilizados no texto.
6. Analizamos as palabras escritas en maiúscula.
7. Reescribimos o texto anterior como se fose un conto, tendo en conta as tres partes da narración e fixándonos nos signos de puntuación.

ANEXO III

O chamariz no chopo

O chamariz no chopo

-E que máis?

O chopo no ceo azul.

- E que máis?

O ceo azul na auga.

- E que máis?

A auga na folliña nova.

- E que máis?

A folliña nova na rosa.

- E que máis?

A rosa no meu corazón.

- E que máis?

O meu corazón no teu!

Juan Ramón Jiménez

1. Lemos e comentamos o texto. Traballamos o vocabulario descoñecido.
2. Cambiamos as palabras subliñadas e tratamos de elaborar un texto relacionado co tema que estamos a traballar.
3. Identificamos e falamos dos recursos que lle dan cohesión ao texto.
4. ¿Que nos quere dicir o texto?
5. ¿Que tipo de palabras predominan no poema?.
6. ¿Cando se utilizan os adxectivos?
7. Cambiamos os dous últimos versos, mantendo a coherencia do poema.

ANEXO IV

Dentro desta caixa teño
un moneco para ti.
Ten o corpo de corales
e a cariña de almasí,
as trenzas de fío de ouro,
os beizos coma rubís
e os ollos son dous luceiros
que me deu un pelegrín.

Un día cho amostrarei
para que brinques con il:
un día en que todo o mundo
choute contente e feliz,
porque non haxa unha nena
que non teña, coma ti,
pechadiño nunha caixa
Seu moneco de almasí.

Xosé María Álvarez Blázquez

1. Lemos e comentamos o texto. Traballamos o vocabulario do texto.
2. Investigamos a relación do autor coa celebración do día das Letras Galegas.
3. Explicamos e escribimos o significado do texto.
4. Analizamos a estrutura do poema.
5. Comentamos as palabras subliñadas.
6. Tratamos de facer un poema seguindo a estrutura do que estamos a comentar.

ANEXO IV

A MODO DE DESPEDIDA

Un monxe zen dispúñase a falar na praza do pobo. Tiña redactado o seu discurso con moito coidado e ía lelo cando un brusco golpe de vento fixo voar as follas ata as pólas dun limoeiro. Collido de improviso, incapaz de volver a atopar o fío do seu discurso, dixo:

<<Meus amigos, aquí tendes o resumo do que quería expoñervos: cando teño fame como, cando estou cansado durmo>>.

- Pero, ¿acaso non todo o mundo fai como vós mestre? –preguntou un dos asistentes.

- ¡Non! ¡Non do mesmo xeito!

- ¿Por que mestre?

- Cando as persoas comen, pensan en mil cousas, cando dormen, pensan nos seus problemas. ¡Por iso non fan como eu!>>

Entón o monxe baixou entre a xente, recolleu os dons e, aos que aínda preguntaban, respondeulles: <<En canto aos detalles, atoparédelos nas pólas do limoeiro...>>

Henri Brunel

1. Lemos e comentamos o texto. Traballamos o vocabulario descoñecido.
2. Análise da estrutura interna e dos seus elementos.
3. ¿Que tipo de palabras son "fame" e "cansado"? ¿Que relación teñen coa temática que estamos a abordar?.
4. ¿Que nos quere dicir o texto?
5. ¿Cales son os protagonistas?. Transformade a historia cambiando as accións dos protagonistas.
6. Identificade os recursos de puntuación e de cohesión.

Baralla, 30 de abril de 2008